QUEIXA POR VULNERACIÓN DE DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Eu, D./Dna……, con DNI nº ……., e enderezo en…… localidade …… provincia…… CP ……

Realicei unha xestión administrativa na Delegación da Xunta na localidade de …….....
Na Consellaría de……..……na oficina/unidade de ……..
Fun atendida/o pola/o funcionario (identificar se é posible)…….....
En calidade de ☐ cidadán con procedemento administrativo en tramitación
☐ demandante de información
Para o caso de ter procedemento en tramitación este é o nº de expediente (opcional).....

E quero poñer no seu coñecemento que:

NON SE RESPECTARON OS MEUS DEREITOS LINGÜÍSTICOS ao **non ser correctamente atendido en lingua galega**, malia ser a miña opción persoal, nos aspectos que se sinalan de seguido:

☐ Documentación escrita que me foi entregada/lingua de tramitación escrita do procedemento

☐ Atención de xeito oral

☐ Sinaléctica das instalacións (cartelería da Administración)

Exposición dos feitos: (opcional)

Esta situación contradí abertamente o disposto no art. 5.3. do Estatuto de Autonomía de Galicia, o art. 36.2 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Admons. Públicas e do Procedemento Advmo. Común, o art. 54.11. da Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público e os arts. 3, 4.1, 6.1 e 2 e 11.1. da Lei 3/1983 da Lei de Normalización Lingüística. Presento esta reclamación ao abeiro dos arts. 26 e 27 do Decreto da Consellaría de Presidencia 164/2005, de 16 de xuño, polo que **se regula a atención ao cidadán**.

Por todo o anterior **SOLICITO** de Vde. Que

1. Tome as medidas axeitadas conforme co procedemento previsto no art. 27.4. do Decreto 164/2005 para que se corrixa esta situación e o servizo ao que fago referencia dispoña de medios materiais e persoais que permitan o uso normal do galego nos centros públicos autonómicos, tanto na vertente activa de empregalo con normalidade como na pasiva de ser atendido nesta lingua e dispoñer nela de documentación e sinaléctica axeitada.
2. Para o caso de non facelo, rógolle que me faga saber os motivos por escrito, para poñelo en coñecemento doutras instancias, administrativas e xudiciais.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.

Atentamente

Asinado, En , a de de 200 .

SR/A INSPECTOR/A XERAL DE SERVIZOS
CONSELLARÍA DA PRESIDENCIA, ADMONS. PÚBLICAS E XUSTIZA